



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE SAN AMARO PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ADECUACIÓN DO CAMPO DA FEIRA NO NÚCLEO DE SAN AMARO.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de San Amaro encadrase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e actuacións en materia de entornos urbanos. Pola súa finalidade, esta actuación esta comprendida dentro do obxectivo estratéxico **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de San Amaro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2018.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de San Amaro, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“adequación do Campo da Feira no núcleo de San Amaro”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional





O Concello de San Amaro trata de promover unha actuación consistente na “**adecuación do Campo da Feira no núcleo de San Amaro**”.

O Plan *hurbe* 2014-2017 está incardinado nunha acción global da Xunta en clave de complementariedade con outras accións de equilibrio territorial, tales como o Plan MOVE, de mellora da mobilidade e accesibilidade dos galegos e das galegas, ou as axudas outorgadas aos entes locais para o desenvolvemento de diversos servizos da súa competencia.

A zona sobre a que se actuará constitúea o entorno e o propio “Camiño da Feira” no núcleo de San Amaro, englobando a actuación unha superficie de 3.505 metros cadrados. Observase un viario de acceso cun ancho variable en todo o seu percorrido, alcanzando reducións puntuais de 3,56 metros.

O ámbito de actuación, no seu conxunto, atopase cun deterioro visible debido aos desniveis existentes, fochancas e á irregularidade do pavimento existente, con risco certo para os peóns e vehículos, abundante maleza e deterioro da edificación destinada a local-almacén, así como no merendeiro, circunstancias que dificultan un uso adecuado da zona. Outra das características do ámbito que se pode apreciar é o grande número de hórreos, que é de interese xeral a súa adecuada conservación así como a do seu entorno.

Preténdese actuar nunha zona de uns 3.505 metros cadrados de solo público, dotando ao núcleo de San Amaro dunha mellora nos itinerarios tanto peonís como rodados. Pretendese tamén unha mellora nos espazos de relación, potenciando a humanización dos mesmos.

A pavimentación, en xeral, realizarase mediante a mistura de pezas de granito de diversos tamaños e formas, empregando bordos de granito para resaltar algunhas zonas e romper a continuidade do pavimento de formigón, sinalando as diferentes áreas que engloba a actuación.

Instalarase unha zona de xogos infantís, recuperarase o merendeiro e farase unha ampliación da cuberta do local-almacén . Dotarase á zona de diverso mobiliario para comodidade e goce dos veciños.

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: “**Posta en valor do plan *hURBE* en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma**” contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de





aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2017. María Encarnación Rivas Diaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

